

UGT-GALICIA ALERTA DE QUE O DESEMPREGO SUBIU EN GALICIA CASE DOUS PUNTOS MÁIS QUE NO RESTO DO ESTADO E DE QUE A AFILIACIÓN BAIXOU, FRONTE Á SUBA DO ESTADO

CARA UN MODELO PRODUTIVO QUE POÑA NO CENTRO A MELLORA DO EMPREGO E DAS CONDICIÓNS LABORAIS

O sindicato insiste en que os seguintes pasos deben ser a reforma do despido e a redución da xornada laboral a 37,5 horas semanais

Redacción.- Os datos de paro rexistrado e afiliación á Seguridade Social correspondentes ao mes de setembro, publicados este mércores, reflicten o comportamento habitual neste período, cun aumento do paro, consecuencia da finalización da tempada alta de verán.

En conxunto, hai un total de 120.992 persoas rexistradas como paradas, dato de paro máis baixo nun mes de setembro da serie histórica, dende 1996. En relación á afiliación, hai 1.085.846 persoas afiliadas, 14.734 máis que o ano anterior, supoñendo un ritmo de creación do emprego do 1,4%.

Pola súa banda, a temporalidade da afiliación sitúase no 15%, fronte ao 15,91% de hai un mes. Deste xeito, a taxa de temporalidade sitúase 13,5 puntos por baixo da rexistrada no mesmo mes de 2021, antes de que entrase en vigor a reforma laboral, cando ascendía ao 28,45%.

Con respecto á contratación, rexistráronse un total de 70.971 contratos, dos que 22.055 son indefinidos, supoñendo o 31,08% da contratación, isto é, 22,4 puntos máis que os rexistrados no mesmo mes de 2021.

Así pois, os datos deste mes continúan poñendo de manifesto que a norma laboral xurdida da reforma de 2021 está a funcionar. Por iso, é hora de continuar avanzando na mellora dos dereitos das persoas traballadoras, actuando en dúas direccións. A primeira, reformando dunha vez os custos e as causas do despedimento para que se adapten ás disposicións da Carta Social Europea e garantan o dereito dos traballadores e traballadoras a unha protección adecuada en caso de despedimento impropio, tal e como concluíu o Comité Europeo de Dereitos Sociais tras a reclamación presentada por UGT.

A segunda, a necesaria redución da xornada laboral a 37,5 horas semanais sen

diminución salarial. Unha medida que, ademais de mellorar a saúde e a calidade de vida das persoas traballadoras, tamén levaría a unha mellor redistribución das horas traballadas, reducindo os elevados niveis de subemprego e incidindo nunha mellora da produtividade e a eficiencia do conxunto da economía.

En definitiva, trátase de apostar por un modelo produtivo que poña no centro a mellora do emprego e das condicións laborais das persoas traballadoras.

Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos, en Galicia o desemprego subiu en 2.314 persoas con respecto ao mes anterior (1,95%), e no Estado esta cifra tamén subiu, pero menos, un 0,12%. No ano rexistrouse unha contracción do desemprego, baixando en 9.651 persoas, un 7,39% menos. Así, o número total de desempregados sitúase en 120.992 persoas, mínimo histórico nun mes de setembro en Galicia dende 1996.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego subiu, nun 12,7%, unha tendencia máis alta que no resto de idades, e no ano a diminución foi dun 8,05%.

Por sexos, o desemprego sobe en ambos casos. No mes un 2,35% entre os homes e no caso das mulleres sobe nun 1,67%. No ano baixou o desemprego en ambos casos, o 7,29% entre os homes e o 7,45% entre as mulleres. Dende UGT-Galicia alérgase de que, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 59,13% do total do desemprego en Galicia.

En canto aos sectores, o desemprego no mes de setembro subiu en todos. Sobe un 1,10% na industria; un 5,64% no colectivo sen emprego anterior; un 0,05% na



construción; 1,76% nos servizos; e o 2,10% na agricultura e gandería. No ano baixa en todos. Así, diminúe un 12,63% no primario; o 10,58% na industria; o 11,85% na construción; o 6,90% no sector servizos; e o 2,5% entre o colectivo de sen emprego anterior.

O dato de contratación indefinida segue a ser moi bo, do 31,1%, aínda que, un mes máis, por abaixo do resto do Estado onde é do 43,8%. Realizáronse en setembro un total de 70.971 contratos en Galicia. Antes da reforma laboral, no mes de setembro de 2021, a porcentaxe de contratación indefinida non superaba o 8,71%. Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción, do 69,4%. Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 31,1%; na industria, do 22,8%; e no primario, do 28,3%.

En canto á taxa de cobertura, esta sitúase no 74,54%, con 80.308 persoas beneficiarias. Deste total, 36.446 perciben subsidios e 3.942 a Renda Activa de Inserción. O número de prestacións contributivas foi de 39.920. Aída así, a cifra de persoas que dependen de prestacións non contributivas segue a ser elevada, o que amosa as dificultades que atravesan moitas persoas desempregadas a pesar de percibir prestacións por ser estas con contías moi baixas.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.085.846 de media mensual, descendo un 0,64% no mes e aumentando un 1,38% no ano.

A UXP INSTA A GOBERNO, XUNTA E CONCELLOS A PRIORIZAR AS NECESIDADES DOS MÁIS MAIORES NAS SÚAS AXENDAS

A UXP DE UGT-GALICIA CELEBRA O DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS MAIORES CUNHA MOBILIZACIÓN EN SANTIAGO PARA RECLAMAR UNHA LEI DE DEREITOS DAS PERSOAS MAIORES

Redacción.- Este martes, día 1 de outubro, celebrouse o Día internacional das persoas maiores e co gallo desta data a Unión de Xubilados e Pensionistas de UGT-Galicia (UXP) convocou unha manifestación en Santiago que saíu de Praterías cara a Praza do Toural, onde se deu lectura a un manifesto no que se fixeron públicas as demandas do colectivo.

Pensións

Demandas que pasan pola defensa do sistema público de pensións, un dos piares fundamentais para garantir unha vida digna para os máis maiores. Nun contexto de envellecemento poboacional, como o que vive este país, urxe garantir a sustentabilidade deste sistema para o que a UXP propón reforzar o Pacto de Toledo; implementar medidas para aumentar os ingresos do sistema, como a loita contra a fraude ou a economía mergullada, a mellora dos salarios ou unha fiscalidade progresiva; ou auditar as contas da Seguridade Social.

Loita contra a pobreza e desigualdade

A loita contra a pobreza e a desigualdade é outra das demandas porque estes son problemas que afectan dun xeito máis incisivo ás persoas maiores, impedindo acceder a servizos básicos e a unha calidade de vida axeitada. Para isto, habería que incrementar as pensións mínimas e non contributivas; desenvolver programas de apoio específicos para

maiores en situación de vulnerabilidade; ou promover a inclusión financeira e dixital co fin de prever a exclusión social.

Dependencia

A xestión da dependencia tamén necesita ser mellorada porque o "limbo da dependencia" segue sendo unha realidade inaceptable para miles de persoas. Urxe optimizar a xestión e o financiamento do sistema co fin de reducir os tempos de espera na valoración e asignación de prestacións; aumentar o investimento público en servizos de atención domiciliar e centros asistenciais; e mellorar a coordinación entre servizos sociais e sanitarios para unha atención integral.

Sistema público de saúde

A defensa do sistema público de saúde tamén está no foco das demandas da UXP de UGT-Galicia, para o cal, hai que garantir a redución das listas de espera; a mellora da atención primaria; a ampliación e mellora dos servizos de atención domiciliar; o aumento da atención xerátrica especializada en hospitais e centros de saúde; maior atención á saúde mental das persoas maiores; o fomento da medicina preventiva e o envellecemento activo; a mellora da atención a enfermidades crónicas; a revisión do sistema de copago farmacéutico; e a ampliación dos servizos de coidados paliativos.



Loita contra o idadismo

A UXP tamén demanda, co gallo do Día internacional das persoas maiores, que se continúe loitando contra o idadismo, fomentando unha cultura de respecto e valoración de cara á vellez, onde os maiores deben ser vistos como activos da sociedade. Para isto, hai que implementar campañas de sensibilización; fomentar programas interxeracionais; e eliminar barreiras de idade no acceso ao emprego, formación e servizos públicos.

Por todo isto, dende a UXP de UGT-Galicia se insta á creación dunha Lei de dereitos das persoas maiores co fin de garantir a autonomía e participación activa das persoas maiores en todas as esferas da vida social; de establecer mecanismos efectivos para previr e sancionar os malos tratos e abusos cara os maiores; e asegurar o acceso a servizos de saúde, coidados e apoio adaptados ás necesidades específicas da idade.

UGT ADVIRTE DE QUE A AUTOMOCIÓN "ESTÁ EN XOGO": "GALICIA NON SE PODE PERMITIR O LUXO DE SEGUIR MIRANDO PARA OUTRO LADO"

Redacción.- A organización sindical UGT alertou de que o sector da automoción "está en xogo" no medio dunha transformación da industria cara á descarbonización e un cambio conceptual da mobilidade: "Galicia non se pode permitir o luxo de seguir mirando para outro lado". Así o sinalaron nunha rolda de prensa levada a cabo este mércores en Vigo o secretario xeral de UGT FICA-Vigo, Rubén Pérez, e o secretario do sector automobilístico de UGT FICA a nivel nacional, Jordi Carmona.

Tras un encontro con delegados sindicais, Pérez e Carmona expuxeron a situa-

ción que atravesamos o sector na actualidade, con "moitos retos e ameazadas" e algunhas "oportunidades" se se fan "as cousas ben" nun contexto de "dificultade". Despois de reivindicar a importancia da automoción en Galicia e en toda España, onde conta con máis de 2 millóns de traballadores e traballadoras (entre directos e indirectos), Pérez referiuse á "fórmula de éxito" que permitiu ao sector manterse durante tantos anos

[Continúa na páxina seguinte...](#)



en Galicia, sinalando as sinerxías entre o fabricante (Stellantis Vigo), cos provedores galegos e o centro tecnolóxico CTAG.

"Iso non ten por que deixar de ser así", reivindicou, lamentando que cada vez máis construtores europeos están a apostar por comprar as súas pezas noutros países, como é o caso de Marrocos, deixando miles de postos de traballo no aire. Por todo isto, pediron á Administración galega, con competencias en Industria, que leve a cabo medidas para apoiar ao sector. Tamén insistiron na importancia das axudas do Goberno central, a través dos fondos europeos. Estas deberían ir ligadas a unha preservación do emprego, precisaron.

Para eles, o sector "segue sendo competitivo", polo que non se poden usar "discursos cavernícolas" sobre que os soldos en España "son moi altos". Así, pediron "responsabilidade" aos fabricantes de ve-

hículos tanto cos seus empregados como co territorio onde están asentados, ao ser a automoción un sector "vertebrador" que está presente na maior parte das autonomías españolas.

Carmona quixo centrarse tamén na transición cara á descarbonización do sector, explicando que esta non debe reducirse só ao coche eléctrico, senón que hai que ter en conta outro tipo de combustibles como o hidróxeno ou o gas. Para el, o obxectivo é que as persoas poidan seguir gozando da mobilidade que queren e que sexa accesible. O responsable de automoción de UGT falou, entre outros moitos temas, da necesidade de establecer impostos aos robots que traballan nas fábricas automobilísticas, así como pagan os traballadores. Isto para que o diñeiro recadado pódase investir en beneficios sociais para os traballadores.

Ademais, coa entrada no mercado español de distintas marcas de vehículos chi-

neses, subliñou que deberían reducirse os aranceis a estes coches. "Non se poden pór portas ao campo", engadiu, insistindo en que sería mellor negociar co xigante asiático e tratar de atraer investimentos que xeren riqueza en España. Isto argumentouno indicando que os aranceis poderían provocar ao principio un "impacto positivo" pero máis tarde xerarán subidas nos custos das materias primas e máis inflación, segundo indicou.


Desde UGT tamén sinalaron a outras rexións europeas onde si o fixeron ben, como é o caso de Portugal. Respecto diso do país veciño, subliñaron a posta en marcha de distintos polígonos industriais con chan moi alcanzable para as empresas, que permitiu que moitas compañías decidan asentarse alí. "Isto debería ser imitado por Galicia", reivindicou Pérez, vendo con bos ollos o anuncio da Xunta de pór a disposición das firmas máis de medio millón de metros cadrados de chan gratis durante oito anos.

PRESENTACIÓN EN SANTIAGO DO LIBRO DA FUNDACIÓN LUÍS TILVE "EN LA BRECHA DEL SEXO"

Redacción.- A Fundación Luis Tilve presentou este luns na Facultade de Relacións Laborais de Santiago a súa última publicación, "En la brecha del sexo. Por un trabajo de igual valor". Este acto contou coa participación de Elma Saiz Delgado, ministra de Inclusión, Seguridade Social e Migracións; Antonio López Díaz, reitor da Universidade de Santiago; Silvia Moscoso Ruibal, vicedecana da Facultade de Relacións Laborais; ademais do autor, Javier Carballo.

O acto serviu para abordar publicamente un problema de calado no que o sindicato ven traballando dende a súa fundación, como é a desigualdade estrutural baseada no xénero. E nada mellor que facelo nun salón de actos ateigado de estudantes que se terán que enfrontar a dita problemática, e coa presenza dun alto cargo do Goberno con capacidade para mellorar esta situación.

Na súa intervención, o autor, entre os motivos estruturais e os factores que provocan a desigualdade laboral de xénero, destacou a excesiva carga de coidados que asumen as mulleres e que inflúe negativamente nun desenvolvemento económico e profesional que tamén dificulta o mercado laboral, como pon de manifesto o feito de que 9 de cada 10 excedencias por coidados recaigan en



mulleres ou que estas teñan unha porcentaxe de 22% de parcialidade, fronte ó 6% dos homes. Uns coidados non remunerados que, segundo a OIT, de contabilizarse, suporían un 9% do PIB mundial. Por elo, Carballo reivindicou a importancia de sindicatos, como UGT, do diálogo social e da negociación colectiva, na consecución real da igualdade e na mellora do marco normativo laboral. Instrumentos fundamentais para conseguir avances como a subida do salario mínimo interprofesional, uns 400 euros (6 de cada 10 son mulleres); os plans de igualdade nas empresas, a equiparación dos permisos de paternidade e maternidade, entre outros moitos.

A obra, que pretende tamén ser un pequeno manual no que se analiza o panorama normativo, foi moi ben valorada pola ministra, que considerou que será un instrumento útil

para o ministerio. Na súa intervención, Saiz expuxo unha realidade na que, entre outros datos, as pensións das mulleres son 500 euros máis baixas que as dos homes, debido a unhas desigualdades que se van acumulando ó longo da vida laboral, razón pola que o Goberno desenvolveu diversas leis e políticas pero manifestou que aínda queda moito por facer, polo que o Goberno seguirá traballando para construír un futuro igualitario.

Pechou o acto o reitor, recoñecendo as desigualdades que persisten tamén na universidade, destacando o compromiso coa igualdade da institución e as políticas que se están levando a cabo na mesma para corrixir esta brecha, con moi bos resultados. E rematou lembrando a Emilia Pardo Bazán e citando que se o feminismo é igualdade, hai que ser feminista radical.

AS MULLERES REPRESENTAN O 97% DO AUMENTO DO PARO EN SETEMBRO, EVIDENCIANDO A BRECHA DE XÉNERO NO MERCADO LABORAL

Redacción.- Os datos de paro correspondentes ao mes de setembro reflicten unha alarmante brecha de xénero, onde as mulleres representan o 97% do aumento do desemprego no último mes. Das 3.164 persoas que engrosaron as listas do paro en setembro, 3.080 son mulleres, mentres que os homes apenas incrementaron en 84 persoas.

Esta disparidade evidencia a profunda desigualdade que persiste no mercado laboral. A pesar de que o número total de persoas desempregadas alcanzou as 2.575.285 persoas, a cifra máis baixa desde 2007, a realidade para as mulleres segue sendo máis dura. En total, as mulleres constitúen o 60,3% do desemprego rexistrado, confirmando que a recuperación económica e a creación de emprego están a deixar atrás a unha parte significativa da poboación feminina.

Ademais, este aumento da brecha dáse nun contexto onde o emprego total crece, con 473.411 persoas máis afiliadas á Seguridade Social en comparación co ano anterior. Con todo, as oportunidades laborais continúan sendo desiguais entre xéneros, algo que require de medidas urxentes para garantir unha verdadeira equidade.

Neste sentido, a nosa primeira reivindicación é esixir o cumprimento en todas as empresas españolas da norma-

tiva vixente en materia de Igualdade Retributiva recollida no Estatuto dos Traballadores e no Real Decreto 902/2020 aprobado hai catro anos froito do diálogo social. En maio de 2023 aprobouse a Directiva (UE) 2023/970 do Parlamento Europeo e do Consello do 10 de maio de 2023 pola que se reforza a aplicación do principio de igualdade de retribución entre homes e mulleres por un mesmo traballo ou un traballo de igual valor a través de medidas de transparencia retributiva e de mecanismos para o seu cumprimento. Agora esiximos que se convoquen as mesas de diálogo social para transpoñer á nosa normativa nacional todas as novidades introducidas para alcanzar a transparencia salarial en todas as empresas.

Tamén esiximos ao Goberno que analice en profundidade e realice as modificacións necesarias no contrato a tempo parcial e na súa utilización que está a provocar na actualidade unha discriminación salarial cara as mulleres. É necesario dispoñer de estatísticas que analicen a ocupación e o nivel de estudos desagregados por sexo e idade para analizar con maior precisión que sucede coas mulleres novas que, a pesar dos seus niveis de formación académica, perciben salarios inferiores aos homes da súa mesma idade.



Reivindicamos que haxa plans de actuación da Inspección de Traballo en materia de igualdade retributiva entre mulleres e homes, para que actúen de oficio naquelas situacións onde se infravalora o traballo das mulleres. Para iso son necesarios criterios claros sobre rexistros retributivos, valoración de postos de traballo e auditorías retributivas.

Por último, incidimos na necesidade de que o Goberno destine fondos como indica a Directiva de Transparencia Salarial, para a formación das persoas negociadoras de convenios colectivos e plans de igualdade, no seu artigo 11: "Apoio aos empregadores cun persoal inferior a 250 traballadores. Os Estados membros prestarán apoio, en forma de asistencia técnica e formación, aos empregadores cun persoal inferior a 250 traballadores e aos representantes dos traballadores de que se trate, a fin de facilitarles o cumprimento das obrigacións establecidas na presente Directiva".

UGT busca seguir avanzando cara a mellora da protección social dos deportistas

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) organizou xunto ao Consello Superior de Deportes (CSD) unha xornada sobre "A carreira profesional dos deportistas de alto nivel: cotizacións e xubilación" que se desenvolveu no Congreso dos Deputados.

O encontro foi inaugurado polo presidente do Consello Superior de Deportes (CSD), José Manuel Rodríguez Uribe; o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, quen participou a través dun vídeo; a secretaria de Política Institucional e Políticas Territoriais de UGT, Cristina Estévez; e a exdeportista olímpica Almudena Cid.

Neste acto deliberouse sobre os problemas e as distintas casuísticas que viven os Deportistas de Alto Nivel (DAN). Tras este proceso de escoita,

concluíuse que é necesario analizar a información recompilada co ánimo de poñer en marcha iniciativas que poidan corrixir e mellorar a protección social dos Deportistas de Alto Nivel para que cando chegue o momento da súa xubilación poidan ter unha carreira de cotización completa.

Así, entre as posibles vías de traballo para liquidar estas situacións, na xornada deste martes propúxose: explorar as posibles vías de mellora das condicións de protección social para que os deportistas poidan alcanzar unha carreira de cotización completa e con iso obteñan unha pensión de xubilación xusta; o desenvolvemento lexislativo de dereitos e deberes en materia de protección social de DANOS a través dunha mesa



de traballo e negociación co Ministerio de Seguridade Social e Migracións; recoñecer a cotización durante o tempo que estas persoas tivesen a condición de DAN de forma retroactiva; a posibilidade de incluír no Réxime de autónomos aos deportistas con menos de 18 anos; e que as cotas de autónomos destes deportistas sexan abonadas directamente polo CSD.